

MUIÑEIRAS DE VALADARES  
Vigo, Pontevedra.

Muiñeira 1

ARRIBA, ARRIBA IMOS  
ARRIBA HABEMOS D'IR  
A COLLE-LA FLOR DO MAIO  
LARANXIÑA DO ABRIL  
A COLLE-LA FLOR DO MAIO  
LARANXIÑA DO ABRIL  
AI LA, LARALA LALALA  
AI LA, LARALA LALALA

A HERBA DE NAMORAR  
A HERBA NAMORADEIRA  
A HERBA DE NAMORAR  
TRÁIOCHA NA FALTRIQUEIRA  
A HERBA DE NAMORAR  
TRÁIOCHA NA FALTRIQUEIRA  
AI LA, LARALA LALALA  
AI LA, LARALA LALALA

Muiñeira 2

O CAMINIÑO DA SENRA  
HEINO DE MANDAR BARRERE  
CUNHA VASOIRA DE PRATA  
QUE D'OURO NO PODE SERE  
AI ALA LALA LALALA  
AI ALA LALA LALALA  
AI ALA LALA LALALA  
AI ALA LALA LALALA

CHAMÁCHEME POUCA ROUPA  
SE TES MOITA TEU PROVEITO  
MENOS TEÑO QUE QUITAR  
A NOITE CANDO ME DEITO  
AI ALA LALA LALALA...

NOSA SEÑORA DO ALBA  
TEN UN VESTIDO BEN FEITO  
QUE O FIXO DUN RETAL  
UN DÍA QUE TIVO TEMPO  
AI ALA LALA LALALA...

Muiñeira 3

MALO RAIO PARTA Ó RATO  
E OS DENTES DAS FORMIGHAS  
QUE ME ROERON OS LIBROS  
ONDE APRENDÍA AS CANTIGHAS

A MULLER QUE AMA A DOUS HOMES  
NON É TONTA QUE É ENTENDIDA  
CANDO UNHA VELA SE APAGHA  
OUTRA LLE QUEDA ENCENDIDA

MARÍA MIÑA MARÍA  
MARÍA MEU REPINALDO  
O DÍA QUE NON TE MIRO  
NON PODO COME-LO CALDO

FUN POLO CAMIÑO ARRIBA  
FIANDO NA MASAROCA  
VEU UN PAXARIÑO PINTO  
LEVOUME A MIÑA ROCA